CONCELLO DE MUROS
Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Anuncio do aprazamento da sesión ordinaria do Pleno do 26 de novembro de 2026

ANUNCIO

Por Resolución desta Alcaldía núm. 1062/2026 de 25 de novembro (*Exp. núm. 2026/G003/001118)* adoptáronse os seguintes acordos:

"ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante Resolución de Alcaldía núm. 1046/2026 ditada o pasado xoves día 19 de novembro de 2026 pola alcaldesa en funcións, dona Caridad González Cerviño, por ausencia da titular, convocouse sesión ordinaria do Pleno da Corporación para o vindeiro xoves, día 26 de novembro de 2026, ás 20:30 horas, no Salón de Sesións da Casa Consistorial, tal e como se recolle no acordo do Pleno de organización da Corporación do Concello de Muros, publicado no BOP da Provincia da Coruña núm. 192, de venres 6 de outubro de 2023.

Segundo. A orde do día da citada convocatoria ordinaria unicamente comprende os puntos preceptivos de trámite e control (aprobación de actas de sesións anteriores, dación de contas de resolucións da Alcaldía e rogos e preguntas), sen que se incluísen asuntos de carácter resolutivo.

Terceiro. Nestes momentos atópanse en fase última de fiscalización e preparación varios expedientes de contratación administrativa de grande envergadura e relevancia económica para o interese xeral do municipio, suxeitos a regulación harmonizada (SARA), cuxa aprobación corresponde ao Pleno da Corporación e cuxa tramitación aconsella evitar demoras innecesarias na súa licitación.

Cuarto. Por razóns de eficacia administrativa, economía procedemental e racionalización da actividade dos órganos colexiados municipais, resulta oportuno deixar sen efecto a convocatoria prevista para o día 26 de novembro de 2026 e aprazar a celebración da sesión ordinaria unha semana, trasladándoa ao xoves día 3 de decembro de 2026, co fin de poder incorporar os devanditos expedientes contractuais na orde do día dunha única sesión ordinaria.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Corresponde á Alcaldía a competencia para convocar e presidir as sesións do Pleno, de conformidade co disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL); nos artigos 41.4 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); e no artigo 61.1.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

Segundo. En virtude do principio xeral de dereito administrativo contrarius actus, o órgano competente para ditar un acto administrativo de convocatoria ostenta igualmente a potestade para deixalo sen efecto e acordar o aprazamento da sesión antes da súa celebración, sempre que medie causa obxectiva debidamente motivada, se respecte a periodicidade mínima legal establecida no artigo 46.2.a) da LRBRL e non se menoscabe o dereito fundamental de participación política dos membros da Corporación recoñecido no artigo 23 da Constitución Española.

Terceiro. O aprazamento da sesión polo prazo dunha semana responde aos principios de eficacia e eficiencia na actuación administrativa consagrados no artigo 103.1 da Constitución Española e no artigo 3.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, mantendo incólume a parte de control e fiscalización dos órganos de goberno na nova data que oportunamente se convoque.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local,

CVD: 35GOeTbNwUgcJ5NttsL6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

CONCELLO DE MUROS
Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

RESOLVO:

PRIMEIRO. Deixar sen efecto a convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación prevista para o vindeiro xoves, día 26 de novembro de 2026, ás 20:30 horas, efectuada mediante Resolución de Alcaldía núm. 1046/2026, de data 19 de novembro de 2026.

SEGUNDO. Aprazar a celebración da devandita sesión ordinaria polo prazo dunha semana, fixando como nova data prevista para a súa celebración o vindeiro xoves, día 3 de decembro de 2026, á mesma hora, cuxa convocatoria formal e orde do día definitiva se aprobarán e notificarán mediante Resolución independente coa antelación mínima legal de dous días hábiles.

TERCEIRO. Notificar de forma inmediata esta Resolución a todos os membros da Corporación Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos, e publicala no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

CUARTO. Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre."

Muros, 25 de novembro de 2026

María Lago Lestón
Alcaldesa do Concello de Muros

CVD: 35GOeTbNwUgcJ5NttsL6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/